



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA NOVE DE MAIO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día nove de maio de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/04/2019).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día once de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201900000000148 de dona María Silvia Morao Boga e don Miguel Cora Miguéns (Expediente 2019/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Lestedo - Boqueixón, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Nande -San Fins de Sales (Expediente núm.: 2019/U022/000008), en solo cualificado como “De núcleo rural. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Carlos López Taboada, en calidade de arquitecto, sendo don Macario Tiele Muros o Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta; núm.: planta B; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela resultante do parcelamento aprobado pola Xunta de Goberno Local no expediente 2018/U018/000003.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Carlos López Taboada de data 21/01/2019 e número de visado 1900289,2 e aos anexos achegados.

3º.- En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos vieiros.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vieiros, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel ca vía e deberase colocarse por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

4º.- A licenza de primeira ocupación estará condicionada á achega de escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a cesión de vieiros prevista no expediente tramitado para os efectos e que previos os trámites oportunos será incorporada ao Inventario Municipal de Bens.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de seis mil trescentos cincuenta e catro euros con oitenta e oito céntimos (#6.354,88#)

2.2.- Comunicación previa de obra de don Manuel Martínez Canicoba. (Expediente núm. 2019/U026/000009).

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Martínez Canicoba para construción de rampla de acceso á finca mediante a colocación de tubos de 40 cm de sección na situación sinalada no plano que se achega; 4 m. aproximadamente con respecto da vía municipal e deixándoo ao mesmo nivel.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600747, emprazada en Sarandón- San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e as actuacións entenderanse axustadas á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don Juan Guerra Neira. (Expediente número 2019/U026/000010)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Juan Guerra Neira para arranxo en morteiro en planta baixa cuberta, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data abril de 2019.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 2460105NH4326S, emprazada en Avda. M. M. Gómez, 34 (Vedra), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- -Instancia núm. 201999900000034 de don Carlos Varela Pérez. (Expediente prórroga número: 2019/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28/04/2016 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Trasariz de Abaixo (Vedra) (Expediente número 2016/U022/000008), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.5.- Comunicación previa de obra de dona Ermitas Barreiro Botana. (Expediente número 2019/U026/000008)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Ermitas Barreiro Botana para rehabilitación de vivenda consistente en substitución de tella, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data abril de 2019.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001604400NH44A0001OE, emprazada en Quintáns nº 2-San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e catro euros con oitenta céntimos (#64,80#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don José Fuentes Zas. (Expediente número 2019/U026/000011)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Fuentes Zas para rehabilitación de vivenda consistente en pintado exterior de fachadas, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Adrián Martín Prieto en calidade de Arquitecto e de data maio de 2019 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre das parcelas con referencia catastral 2563202NH4326S - 2563207NH4326S, emprazadas en Marzán de Abaixo, 4 Vedra, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación previa de obra de don José Antonio Lareo Couto. (Expediente número 2019/U026/000013)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Antonio Lareo Couto para construción de peche de parcela de 62 m. na parte leste e 57 m. na parte oeste. O peche será de base de bloques, sen superar os 1,50 m. de altura, e poste e arame sen superar a altura total de 1,80 m. A distancia do eixe da vía será de 6 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A508004930000AJ , emprazada en Castro –Ponte Ulla, cun prazo de execución de 12 meses.



A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo a base de bloque ir revestida e pintada de maneira que quede perfectamente rematada; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e cinco euros con setenta e tres céntimos (#55,73#).

2.8.- Instancia de don Casimiro Gamallo García. (Expediente número 2019/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para agrupación e parcelamento de fincas 1634 e 1634-1 da concentración parcelaria de Ribadulla, emprazadas en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Brais Vázquez Rey en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data abril de 2019.

As parcelas atópanse en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como de núcleo rural (N-1), de expansión dos núcleos rurais (N-2) e rústico de especial protección agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla, nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vieiros nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.5, de 380,75 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.9.- Instancia de dona Elena Albela Rodríguez. (Expediente número 2019/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para parcelamento de finca, emprazada en Argunte, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 25/04/2019.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión dos núcleos rurais (N-2) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para o parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Argunte –San Mamede de Ribadulla, nos termos do documentación achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vieiros nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto, de 53 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.10.- Instancia núm. 201900000000514 de don José María Rico Junquera e dona María Pereira Albela (Expediente núm. 2019/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Pontevedra, solicitan licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P) en San Mamede, 4 – San Mamede de Ribadulla (expediente núm.: 2019/U022/000014), en solo cualificado como “De Núcleo Rural. (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José A. Hernando Ezquerra, en calidade de arquitecto, sendo don Gonzalo Navaza Mosteiro o Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001602500NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José A. Hernando Ezquerra de data 9/4/2019.

A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vieiros nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número A1, de 14,20 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos oitenta e nove euros (#1.789,00#)

2.11.- Modificación de licenza. Expediente 2016/U022/000026.

Dáse conta do citado expediente no que se concedeu pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de marzo de 2017 licenza para construción de vivenda unifamiliar en Bazar-San Andrés de Trobe, solicitada por dona Sandra Rodríguez Devesa e don José Manuel Silva García.



Logo da modificación, non substancial, na definición da parcela sobre da que se executará a vivenda autorizada, acórdase modificar o acordo de concesión, mantendo o prazo de terminación establecido no acordo de data 23 de marzo de 2017, quedando redactada a concesión da licenza nos seguintes termos.

“Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Bazar-San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2016/U022/000026), en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1 Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto técnico achegado, redactado polo arquitecto don César García Piñeiro, e cun orzamento de 172.821,34 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505020050000AG.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vieiros, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante ca vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400mm. para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil catrocentos cincuenta e seis euros con corenta e tres céntimos (#3.456,43#).”

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

Non se presentan.

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida do lixo no padrón fiscal do exercicio 2019.

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 24/10/2012 (BOP núm. 245 do 26.12.2012), e coa formación do



Padrón Fiscal correspondente ao vixente exercicio 2019, polo que respecta á *aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario, regulada no artigo 8.1 da Ordenanza.*

Dáse conta do expediente de xestión tributaria 10/2019, iniciado a instancia da parte interesada (M.C.I.N., con NIF rematado en 8889C) con data 15/04/2019 e tramitado polo departamento responsable da xestión da taxa, para o recoñecemento do *dereito de redución á metade da cota tributaria* regulado no artigo 8.1, á contribuínte M.C.I.N., propietaria de vivenda, quen se identifica convenientemente na solicitude e no Anexo que obran no mesmo.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos:

* A Resolución da Alcaldía núm. 201/2019, de data 24 de abril, pola que se acorda tramitar a mencionada solicitude.

* O preceptivo informe de Secretaría-Intervención, de data 26/04/2019, acreditativo de que a mencionada contribuínte e solicitante cumpre todos os requisitos esixidos no citado artigo 8.1 (é a propietaria da vivenda, ostenta a condición de pensionista, os ingresos anuais totais da unidade familiar previstos non superan o IPREM vixente e está ao corrente no pago da taxa), emitido polo tanto en sentido favorable e indicando a contía da minoración no importe total do padrón fiscal (34 €), no suposto do recoñecemento da redución do 50% da cota solicitado pola interesada.

* A proposta de resolución por Acordo da Xunta de Goberno, asinada polo Secretario con data 26/04/2019.

Visto o expediente, en función do citado informe, da proposta de Secretaría e da delegación feita polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Que se recoñeza o dereito de redución á metade da cota tributaria solicitado pola mencionada contribuínte M.C.I.N.

2º.- Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2019, a liquidación correspondente á referida vivenda se practique polo importe de 34 €, o que supón a redución do cincuenta por cento da cota tributaria anual vixente de 68 € por vivenda, así como a *minoración no importe total do citado padrón fiscal de 34 €.*

5º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía de solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 217/19, de data 02 de maio, que di o seguinte:

“Ao abeiro do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012), e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



RESOLVO.

Primeiro.- Solicitarlle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 348.037,00 €, ω seguinte detalle:

1.1.- Persoal: 16.815,00 €.

1.2.- Mantemento: 0,00 €.

1.3.- Axuda no fogar:

1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 €.

1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 303.222,00 €.

1.4.- Xestión de Programas: 28.000,00 €.

1.5 - Investimento: 0,00 €.

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2019 na contía de 573.881,46 euros que supón unha porcentaxe de 62,25 % sobre do orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución da Alcaldía.

6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Nº de Documento	Data Dto	Importe Total	Nome	Texto Explicativo
2019/0779	31/03/2019	6.696,62	Sogama S. A.	Tratamento residuos sólidos urbanos. Mes Marzo 2019
19 011	03/04/2019	2.607,55	Mobiliario Urbano Marlo, S.L.	Subministración marquesiña para refuxio de viaxeiros en Viño grande (Illobre)
Emit- 1900023	01/04/2019	247,50	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	Servizo de recollida de aceites de cociña usados. Período: 24/12/2018-24/03/2019
FE19137009163923	07/04/2019	50,20	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica ao bombeo de Neira. Período: 01/03/2019-31/03/2019
138	08/03/2019	925,65	González Couto José Manuel (Excavaciones Vedra)	Servizo de pala mixta prestado o 05/03/2019 en San Fins e Vilanova para ampliación da rede de abastecemento de auga
RECC/19-00184	08/04/2019	150,00	Femp	Cota Rede cidades polo clima 2019
2019/288	31/03/2019	36,36	Rodríguez Bugallo María del Pilar (Registro Propiedad nº 1 de Santiago)	Certificación rexistrals para o departamento de urbanismo en marzo/2019
1901019938	01/04/2019	503,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Arrendamento dos locais e do peirao da estación do tren de Santa Cruz. Mes abril/2019
19 30	30/03/2019	1.795,28	Reparaciones Sinde, S.L.	Traballos realizados no camión do lixo, CEIP Ortigueira, camión brigada de obras e nave de estación en Santa Cruz
Recibo 04/019	01/04/2019	81,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para a casa da Terceira Idade do mes abril/2019
19/69	30/03/2019	24,56	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento do CPI de Vedra subministrados en marzo/2019



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



19/68	30/03/2019	16,79	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados para os actos de inauguración do arquivo histórico municipal e de homenaxe ao Sr. Mariano Lema
19/70	30/03/2019	704,37	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en marzo/2019 para obras de ampliación de camiño en Manteles e outros
2 Tickets	11/04/2019	14,45	Acredores diversos	Gastos autoestrada e gasóleo por viaxe de P. Civil a Ribadavia (recoller materiais para exposición Festa do Viño 2019)
420200181	31/03/2019	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Convenio de publicidade subscrito co concello. Marzo 2019
15	29/03/2019	699,38	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos realizados en febreiro e marzo no CPI de Vedra, local social de Trobe, casa do concello e Festa da Camelia
16	29/03/2019	726,00	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Substitución e montaxe de lámpadas no campo de fútbol do Coto
E31	10/04/2019	2.350,00	Club Olímpico de Vedra	Achega extraordinaria segundo punto sétimo do convenio de colaboración asinado (tempada 2018)
FA119 344	11/04/2019	96,15	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Portes e reparación retroescavadora
392953	02/04/2019	395,00	Ulla-Oil S. L.	Subministración gasóleo C centro de saúde
392952	02/04/2019	632,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C subministrado á Casa da Terceira Idade
19000 122	05/04/2019	353,93	Sirtelco, S.L.	Servidor dedicado ao Concello de Vedra e mantemento servidor de correo en dominio concellodevedra.com nos meses 1T/2019
19000 127	05/04/2019	2.178,00	Sirtelco, S.L.	Servizos de mantemento e asesoramento informáticos prestados durante os meses de xaneiro a marzo de 2019
F 491	31/03/2019	350,00	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	Arbitraxes e desprazamentos do mes de marzo/2019 para mantemento da liga local de fútbol sala Vedra tempada 2018/2019
Recibo 107160000077	01/04/2019	1.621,24	Reale Seguros Generales, S.A.	Seguro de accidentes colectivo contratado para o persoal municipal (Período 01/04/2019-01/04/2020. Póliza 107160000077)
19 127	02/04/2019	181,50	Maderas C. Lata S.L.	Táboas subministradas o 02/04/2019 para encofrados nas obras da brigada en vías municipais en S. Pedro, Trobe e outros
FC9788	31/03/2019	158,54	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos e outros produtos subministrados durante o mes de marzo/2019 para o servizo municipal de madrugadores
A/63	31/03/2019	749,52	García Sarandón, S.L.U.	Materiais diversos servidos en marzo/2019 para brigadas verde e obras, mantemento, 3ª Idade, CPI Vedra, cultura e outros
AN201921	15/04/2019	344,90	Jesús Ángel García González	Traballos de deslinde de camiño en San Xián de Sales (2ª parte: marcado con estacas da proposta de deslinde)
1159	01/04/2019	385,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 16/03/2019 para traslado de sendeiristas participantes na etapa Catoira- Padrón
1160	01/04/2019	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 20/03/2019 para excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz e ao Mosteiro d Carboeiro
1161	01/04/2019	330,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 16/03/2019 para actividade do departamento de cultura (visita a Pontevedra-Pazo da Saleta)
1000002	28/03/2019	636,19	Pena Alonso José M.	Servizo de taxi para os usuarios do centro de saúde de Vedra prestado durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo/2019
A19/153	16/04/2019	1.127,72	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro de 6000 impresos despregables Son de Vedra
A19/154	16/04/2019	2.948,40	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro de 400 exemplares do libro sobre historia Club Deportivo San Mamed para conmemorar o 50 aniversario



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



15419	15/04/2019	1.936,00	Bellett García Javier- Ingeniero T. Agrícola	Proxecto de parcelación e agrupación de parcelas do ámbito Plan Especial para dotacións asistenciais de Vedra
TD-D9TG-104543	19/04/2019	267,89	Telefónica de España, S.A.U.	Instalación, xestión, mantemento e arrendamento router e alta ADSL 981503138 na casa consistorial mes marzo/2019
TA6560012540	19/04/2019	56,27	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na axencia de lectura de Santa Cruz (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012536	19/04/2019	27,26	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na casa da Terceira Idade (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012541	19/04/2019	55,89	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na biblioteca municipal (cotas de abril/2019)
TA6560012538	19/04/2019	87,91	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico no salón de plenos da casa consistorial (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012534	19/04/2019	28,04	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na escola de música de Santa Cruz (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012530	19/04/2019	17,61	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas mes de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012537	19/04/2019	60,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas mes abril/2019)
TA6560012539	19/04/2019	17,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico liña 981503138 na casa consistorial (cotas e voz liña individual mes abril/2019)
TA6560012528	19/04/2019	21,97	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
TA6560012535	19/04/2019	26,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na oficina de turismo de Vilanova (cotas de abril/2019)
TA67B0000175	19/04/2019	277,19	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico Ibercom na casa consistorial (cotas de abril/2019 e tráfico de marzo/2019)
C10-19	31/03/2019	607,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de marzo, sen recollida de animais no período 01/03/2019-31/03/2019
16	29/03/2019	66,55	Camino Bouzón Miguel Angel	Reparación cisterna do wc da casa sociocultural de Trobe realizada en marzo/2019
17	29/03/2019	24,20	Camino Bouzón Miguel Angel	Posta en funcionamento da caldeira de calefacción do centro de saúde realizada en marzo/2019
18	29/03/2019	114,95	Camino Bouzón Miguel Angel	Reparación do equipo de presión e substitución de boia no pozo da casa de cultura de San Xián realizadas en marzo/2019
19000127	12/04/2019	200,13	Ayude Impresiones, S.L.	Carteis e folletos a cor para o programa Goza do Ulla
2386	10/04/2019	147,07	Mª Jesús Villaverde Núñez y otros, S.L. (Restaurante Villa Verde)	Menú servidos a membros do tribunal cualificador das probas selectivas para funcionario de carreira C2 (OEP 2018)
6/19	23/04/2019	9.103,28	Guerra Neira Juan	Menús servidos na XXIX Romaría da Terceira Idade celebrada o 06/04/2019
Cop- 201913	01/04/2019	847,00	Coperactiva Culutral, S.L.	Actuación de Isla Letriska o 24/02/2019 dentro da Rede Cultural 2019 da Deputación de A Coruña
15519	15/04/2019	1.694,00	Bellett García Javier- Ingeniero T. Agrícola	Traballos técnicos realizados para delimitar a zona de baile en Picón no Catastro
2019/053	22/04/2019	1.089,00	Xestedec Comunicación	Instalación haimas para a XXXIX Exaltación do viño da Ulla o 14/04/2019
2019/051	22/04/2019	1.028,50	Xestedec Comunicación	Mostradores modulares para a XXXIX Exaltación do viño da Ulla o 14/04/2019
2019/052	23/04/2019	839,44	Xestedec Comunicación	Tarima modular e moqueta para a XXXIX Exaltación do viño da Ulla o 14/04/2019
2019/049	22/04/2019	42,35	Xestedec Comunicación	Invitacións convite a toda cor polas dúas caras para a XXXIX Exaltación do viño da Ulla o 14/04/20



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2019/050	22/04/2019	280,72	Xestedec Comunicación	Vinilos a cor e podiums para a XXXIX Exaltación do viño da Ulla o 14/04/2019
1 286	16/04/2019	212,29	Fegamp	Cota anual do Concello de asociado á Federación Galega de Municipios e Provincias correspondente ao exercicio 2019
FE19321296249231	23/04/2019	9,73	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica ao campo de fútbol de Vedra. Período: 21/01/2019-19/03/2019
19/07	26/04/2019	774,40	Herraz Cabanas Rosa	Deseño e maquetación de mapa guía turístico concello de Vedra
B 1880629	17/04/2019	16,94	Dinahosting, S.L.	Renovación do dominio concellovedra.com por 1 ano. (26/04/2019 - 26/04/2020)
365	30/04/2019	4.000,00	Banda de Musica de Santa Cruz de Ribadulla	Actuacións 2018 realizadas en Santa Cruz, Vedra, S. Pedro de Sarandón e Vilanova segundo convenio asinado
Emit- 58	30/04/2019	459,80	Logistica, Gestion y Servicios para Eventos, S.L. (US Eventos)	Aluguer de 4 cabinas Eco WC para a Festa do Viño celebrada o 14/04/2019
E 32	30/04/2019	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración asinado co Concello de Vedra. Período: mes abril/2019
GAL0027719F00009	30/04/2019	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos de saneamento e depuración no mes de abril/2019
V 04-2019 887	30/04/2019	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Fra. V04-2019 887. Servizo de xestión da escola infantil municipal prestado no mes de abril/2019
V-01-04-2019 888	30/04/2019	5.443,14	Ana Naya García, S.L.	Fra. V01-04-2019 888.Cota do Concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal prestado no mes de abril/2019
19 037	30/04/2019	6.243,60	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades e mantemento do pavillón municipal de Vedra. Mes de abril de 2019
CO 004561	30/04/2019	264,31	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Fotocopias e impresións feitas na máquina da 1ª planta no período 27/03/2019-30/04/2019
CO 004562	30/04/2019	120,35	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Fotocopias e impresións feitas na máquina da planta baixa no período 27/03/2019-30/04/2019
28-E9M0-072469	01/05/2019	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo de internet móbil (Multidispositivo 45) cotas e tráfico do período 18/03/2019-17/04/2019
28-E9M0-012382	01/05/2019	187,74	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan empresas móbil 3 liñas (período 18/03/2019-17/04/2019 e cotas 04/2019)
28-E9M0-138821	01/05/2019	34,94	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe (período 18/03/2019-17/04/2019 e cotas 04/2019)
28-E9U1-095744	01/05/2019	5,98	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 18 extensións fixas (período 18/03/2019-17/04/2019 e cotas 04/2019)
28-E9U1-005893	01/05/2019	904,31	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 36 extensións móbiles (período 18/03/2019-17/04/2019 e cotas 04/2019)
2CONC 00004	26/04/2019	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura infantil e de adultos. Período: abril/2019
E-15/2019	30/04/2019	128,00	Miranda Santasmarinas Lucía	Obradoiro de traballo corporal na Casa da Terceira Idade. Abril/2019
4/2019	02/05/2019	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal ás clases de música segundo convenio. Abril/2019
4/2019	02/05/2019	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música. segundo convenio. Abril/2019
Extracto Visa	30/04/2019	22,00	ABANCA Corporación Bancaria S.A.	Comisión anual por emisión/mantemento tarxeta Visa do Concello (7*2*)
Recibo 05/2019	02/05/2019	81,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para a casa da Terceira Idade durante o mes de maio/2019
3063153	30/04/2019	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal. Período: abril/2019
L- 36	30/04/2019	1.590,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza prestados no CPI de Vedra. Mes de abril/2019
7/19	03/05/2019	478,50	Guerra Neira Juan	Ágape servido o día da Festa do Viño



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				14/04/2019
201908	30/04/2019	952,88	e-Lo? taller de deseño	Deseño e maquetación do libro do L aniversario do C.D. San Mamed
FE19321294701908	05/04/2019	290,32	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril
FE19321296249128	23/04/2019	888,67	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica ao CEIP Ortigueira. Período: 25/01/2019-24/03/2019
FE19321296249127	23/04/2019	326,35	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica ao bombeo de Sol. Período: 01/02/2019-31/03/2019
FE19321296249124	23/04/2019	225,88	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica ao campo de fútbol de San Mamede. Período: 21/01/2019-19/03/2019
FE19321296249126	23/04/2019	128,53	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica ao bombeo de Paradela. Período: 01/02/2019-31/03/2019
FE19321296249125	23/04/2019	214,63	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica á piscina municipal. Período: 24/01/2019-24/03/2019
FE19321294898821	08/04/2019	223,55	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril
FE19321294898819	08/04/2019	440,91	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril
FE19321294898820	08/04/2019	124,91	Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A.	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril
FE19137009623410	11/04/2019	107,93	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009144717	07/04/2019	5,69	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009623029	11/04/2019	118,63	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009617621	11/04/2019	208,82	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137010869685	28/04/2019	13,20	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica aos vestiarios do campo de fútbol de Vilanova. Período: 25/03/2019-23/04/2019
FE19137011277821	29/04/2019	95,07	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137010819782	28/04/2019	93,64	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137010886331	28/04/2019	60,06	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137010909588	28/04/2019	9,09	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137011313403	29/04/2019	49,79	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á Casa das artes. Período: 20/03/2019-18/04/2019
FE19137008887180	04/04/2019	14,52	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica ao bombeo de Socastro. Período: 01/03/2019-31/03/2019
FE19137008897186	04/04/2019	14,50	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á oficina de turismo. Período: 01/03/2019-31/03/2019



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE19137009102470	07/04/2019	42,51	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica ao obradoiro CEIP de San Mamede de produtos agrícolas. Período: 28/02/2019-26/03/2019
FE19137009104212	07/04/2019	262,44	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica ao centro de saúde de Vedra. Período: 01/03/2019-31/03/2019
FE19137009122873	07/04/2019	34,75	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009136801	07/04/2019	164,46	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á casa de cultura de Santa Cruz. Período: 28/02/2019-31/03/2019
FE19137009146352	07/04/2019	12,10	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009152851	07/04/2019	536,51	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á escola de San Fins. Período: 22/02/2019-21/03/2019
FE19137009575590	11/04/2019	118,65	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009577469	11/04/2019	74,11	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009583538	11/04/2019	48,11	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009578364	11/04/2019	47,08	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009585896	11/04/2019	28,71	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009586427	11/04/2019	52,27	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
FE19137009582638	11/04/2019	10,02	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A	Subministración eléctrica á iluminación pública nos meses de marzo e/ou abril 2019
F190052	06/05/2019	701,80	Galicia Eventos y Ocio, S.L.	Servizo de discomóbil para Entroido, inchable para Festa da Camelia
19-501	30/04/2019	251,13	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en abril/2019
19-505	30/04/2019	71,01	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo 2445BLH subministrado o 22/04/2019
19-506	30/04/2019	176,93	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros carburantes para o vehículo do servizo municipal de augas 2898KCN subministrados en abril/2019
19-507	30/04/2019	8,55	Puente Ulla S.L.	Produto adblue subministrado o 25/04/2019 para o vehículo de Protección Civil 3663HNG
